

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE MUGARDOS O DÍA 20 DE ABRIL DE 2007.**

Na Sala de Comisións da casa do concello de Mugar dos, ás nove horas do día vinte de abril do ano dous mil sete, previa convocatoria e citación ao efecto, reúnese, en sesión ordinaria e primeira convocatoria, a Xunta de Goberno Local baixo a presidencia do alcalde-presidente, D. Xosé Fernández Barcia, coa asistencia dos/as tenentes de alcalde, D. Moisés Rivadulla Fernández e D. Evaristo Deus Deus. Non asiste, con escusa, a concelleira Dna. Margarida Corral Sánchez. Asiste tamén a interventora, Dna. Vanessa García Barreiro. Actúa como secretario o que o é da corporación, D. Rafael Bermúdez Iglesias.

Aberta a sesión pola presidencia, éntrese no estudo e discusión dos asuntos incluídos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

### **1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, REALIZADA O DÍA 23.03.07.**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar a súa aprobación á acta da sesión ordinaria realizada pola Xunta de Goberno Local o día 23.03.2007.

Deseguido e ó amparo do disposto no artigo 80 do Regulamento Orgánico Municipal, polo Sr. Alcalde-Presidente propónse a inclusión, por razón da urxencia, do seguinte asunto: "**BASES PARA A CONTRATACIÓN LABORAL INTERINA, MEDIANTE OPOSICIÓN LIBRE, DE UN/UNHA ARQUITECTO/A TÉCNICO/A**", e tras a exposición dos motivos que xustifican a urxencia, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade e, polo tanto, co quórum esixido polo citado artigo 80 do Regulamento Orgánico Municipal e 51 do R.D. Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, acorda declarar de urxencia o asunto e incluílo na orde do día como punto núm.13.

### **2.- LICENZAS DE OBRAS.**

Tendo en conta os informes emitidos polos/as técnicos/as municipais así como o ditame da comisión informativa de urbanismo e industria, a Xunta de Goberno Local por unanimidade acorda conceder, sen prexuízo de terceiros e deixando a salvo o dereito de propiedade, e previa aprobación da liquidación do imposto correspondente, as seguintes licenzas de obras:

Será requisito imprescindible en todas as obras dispor, ao pé da obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas maiores a colocación de cartel indicador no que se faga consta-lo nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

#### **A) LICENZAS DE OBRAS MENORES:**

**-D. DIEGO BAREA GONZÁLEZ (EXP. 207/2006) segundo solicitude de data 20 de novembro de 2006**, para substitución dun teito de escaiola por un de pladur de medidas 2 x 4 m<sup>2</sup>, en Beiramar nº 8, referencia catastral: 3418905NJ6131N.

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 6 meses.

**-D. JOSÉ ANTONIO MACEIRA CALVO (EXP. 210/2006) segundo solicitude de data 28 de novembro de 2006**, para construción dun pozo, na Avda. Bello Piñeiro, referencia catastral: 4419017NJ6141N.

Situarse a 3 metros de colindante, 7 metros da arista exterior de explanación de calquera vía pública e 20 metros de calquera pozo, por ser compatible coa ordenación existente.

Cumprirá, ademais, as prescricións de uso privativo de *AUGAS DE GALICIA*, de acordo coa Resolución do Presidente do organismo de data 03.11.2006 (expte. DH.B15.20941).

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 6 meses.

**-Dna. MARÍA PLANA CASCO (EXP. 215/2006) segundo solicitude de data 4 de decembro de 2006**, para saneamento dunha galería cambiando a madeira por aluminio, na R/ Barral nº 21, referencia catastral: 0425718NJ6102N.

Non se autoriza a colocación de carpinterías con brilos metálicos, e deberá ter unha cor acorde co contorno.

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 6 meses.

**-D. RAMÓN BOADO BASTIDA (EXP. 218/2006) segundo solicitude de data 11 de decembro de 2006**, para substitución de ganchos e reparación de tella da cuberta, na Avda. de Galicia nº 76, referencia catastral: 0424031NJ6102S.

Non se producirán aumentos de volume nin obras de formigón armado.

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 6 meses.

**-D. MARTÍN MARTÍNEZ TEIJEIRO en representación de Dna. CARMEN e Dna. JULIANA MARTÍNEZ ESPÍNEIRA (EXP. 219/2006) segundo solicitude de data 11 de decembro de 2006**, para construción dun pozo de barrena, no lugar do Cruceiro, referencia catastral: 15052A010002260000MJ.

Situarse a 3 metros de colindante, 7 metros da arista exterior de explanación de calquera vía pública e 20 metros de calquera pozo, por ser compatible coa ordenación existente.

Cumprirá, ademais, as prescricións de uso privativo de *AUGAS DE GALICIA*, de acordo coa Resolución do Presidente do organismo de data 21.11.2006 (expte. DH.B15.21921).

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 6 meses.

**-Dna. IRENE PAZOS GARCÍA en representación de Dna. VIDALINA FONTENLA POMBO (EXP. 226/2006) segundo solicitude de data 22 de decembro de 2006**, para substitución dun canalón por outro, en O Penedo nº 47, referencia catastral: 1821401NJ6112S.

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 6 meses.

**-D. MOISÉS SOUTO GONZÁLEZ (EXP. 19/2007) segundo solicitude de data 14 de febreiro de 2007**, para enfoscado dunha habitación, en O Penso nº 3, referencia catastral: 001401600NJ61A0001SH.

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 12 meses.

**-D. ARTURO IGLESIAS MARTÍNEZ en representación de CALSOMATU S.L. (EXP. 24/2007) segundo solicitude de data 19 de febreiro de 2007**, para colocación de falso teito en almacén, na Avda. de Galicia nº 82, baixo, referencia catastral: 0424915NJ6102S0001LE.

Autorízase tamén a reforma do acceso ao cuarto de baño e o cambio de situación das pezas existentes.

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 18 meses.

**-Dna. MARÍA SÁNCHEZ MÍGUEZ (EXP. 25/2007) segundo solicitude de data 21 de febreiro de 2007**, para colocación de catro velux no tellado, na R/ Penela nº 7, referencia catastral: Polígono 10, Parcela 187.

Non se producirán aumentos de volume nin obras de formigón armado.

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 12 meses.

**-D. JOSÉ MANUEL PAYO BARROS (EXP. 28/2007) segundo solicitude de data 26 de febreiro de 2007**, para substitución de tella do país por tella nova, na R/ Ares nº 7, referencia catastral: 0526022NJ6102N.

Non se producirán aumentos de volume nin obras de formigón armado.

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 18 meses.

**-D. MANUEL DEUS PRADOS (EXP. 52/2007) segundo solicitude de data 23 de marzo de 2007**, para reparación de cheminea, na Avda. do Mar nº 23, referencia catastral: 0326010NJ6102N0001WK.

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 6 meses.

## **B) PECHES:**

**-D. JOSÉ MARTÍNEZ SEIJAS (EXP. 186/2006) segundo solicitude de data 3 de outubro de 2006**, para peche de reixa en 66 metros de lonxitude e reixa e bloque en 14 metros, en Abeleira, referencia catastral: 4405030NJ6140N.

En muros de fábrica de bloque de formigón ou outros materiais opacos análogos, quedan obrigado o seu revoque e pintado en cores que entoen coa paisaxe.

Non se permiten os peches feitos con malla tipo “galiñeiro” ou de arames, nin con remates agudos.

Os peches non serán opacos en máis de 1,00 metro de altura.

Os peches con fronte aos camiños públicos terán unha altura máxima de 1,50 metros.

O resto de peches quedarán limitados a 2 metros de altura.

Os peches quedarán referenciados aos seus colindantes.

Os peches con fronte a camiño público serán realizados considerando as cesións obrigatorias de terreo afectado polas aliñacións dunha vía de 8 metros do Plan (para o cal se solicitará a presenza do técnico municipal para a comprobación do replanteo da obra).

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 24 meses.

**-D. JOSÉ MARTÍNEZ SEIJAS (EXP. 187/2006) segundo solicitude de data 3 de outubro de 2006**, para peche de reixa en 65 metros de lonxitude, en Abeleira, referencia catastral: 4405028NJ6140N.

A altura máxima quedará limitada a 2 metros.

Os peches quedarán referenciados aos seus colindantes.

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 24 meses.

**-D. URCENIO ÁNGEL CAO GÓMEZ (EXP. 213/2006) segundo solicitude de data 1 de decembro de 2006**, para peche en bloque de 22 metros, en San Vitorio nº 47, referencia catastral: 2609407NJ6120N.

En muros de fábrica de bloque de formigón ou outros materiais opacos análogos, quedan obrigado o seu revoque e pintado en cores que entoen coa paisaxe.

Non se permiten os peches feitos con malla tipo “galiñeiro” ou de arames, nin con remates agudos.

Os peches non serán opacos en máis de 1,00 metro de altura.

Os peches con fronte aos camiños públicos terán unha altura máxima de 1,50 metros.

Nos serventíos, realizaranse os peches cunha distancia de dous metros ao eixo (centro) do mesmo.

Os peches con fronte a camiño público serán realizados considerando as cesións obrigatorias de terreo afectado polas aliñacións dunha vía de 8 metros do Plan (para o cal se solicitará a presenza do técnico municipal para a comprobación do replanteo da obra)

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 24 meses.

## **D) RECTIFICACIÓN DE ERRO MATERIAL DE LICENZAS DE OBRAS:**

**1) Visto o escrito presentado por Dna. Pilar Encarnación Branco Illodo en representación de MAHÍA INMOBILIARIA S.L. (N.R.E. 1.758/04.04.2007) no que pon de manifesto o erro material cometido na licenza concedida a MAHÍA INMOBILIARIA S.L. pola Xunta de Goberno Local mediante acordo de data 02.02.2007, (EXPTE. 132/2006),**

consistente en que na mesma se di “...As condicións urbanísticas para **A.R.U.-4A e A.R.U.-4B** son...” cando debería dicir “... As condicións urbanísticas para **A.R.M.4** son ...”.

Unha vez comprobado que tanto no proxecto básico que serviu de base para a concesión da licenza, como no informe da técnico municipal de data 25.09.2006, se establece que a parcela ten a denominación de A.R.M.-4, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda proceder á rectificación do erro material sinalado, quedando en consecuencia, a licenza de obras redactada como segue:

**-D<sup>a</sup>. PILAR ENCARNACIÓN BRANCO ILLODO en representación de MAHÍA INMOBILIARIA (EXPT. 132/2006) segundo solicitude de data 21 de xullo de 2006,** para construción de edificio de dúas plantas sotos, planta baixa, dúas plantas e baixo cuberta para garaxes, trasteiros e 94 vivendas, en O Baño, segundo proxecto básico, visado polo C.O.A.G. con data 21.07.2006. De acordo coa autorización da Consellería de Cultura e Deporte, Sección de Patrimonio Histórico de data 16.01.2007, obrante no expediente.

O solo onde está situado ten a denominación de A.R.M.-4, regulamentado pola ORDENANZA A: ZONAS RESIDENCIAIS DE TIPOLOXÍA PLURIFAMILIAR do Plan Parcial “ O Baño” aprobado polo Pleno do Concello en sesión extraordinaria celebrada o día 20 de xullo de 2001.

A finalidade da licenza é a construción dun edificio de dúas plantas sotos, planta baixa, dúas plantas e baixo cuberta para garaxes, trasteiro e 94 vivendas.

As condicións urbanísticas para A.R.M.-4 son:

	PROXECTO	NORMATIVA ( P.P.)
a) Parcela máxima	3.132,35 m <sup>2</sup>	3.132,35 m <sup>2</sup>
b) N <sup>o</sup> máximo de vivendas	94 viv.	94 viv.*
c) Superficie edificable	7.451,35 m <sup>2</sup>	7.530,48 m <sup>2</sup>
d) Voos	1,00 m	1,00 m
e) Ocupación voo	44 %	60 %
f) Altura	B + 2 + Bc (10,00 m)	B + 2 + Bc (10,50 m)
g) Cuberta	cumpre	MP Art. 84
h) Altura cumio	4,20 m.	4,20 m.
i) Garaxes	CUMPRE	1 praza / viv.

\*Esta licenza esgota o número de vivendas determinado polo Plan Parcial para a A.R.M.-4.

A aliñación deberá solicitarse ao Concello, previa ao inicio das obras.

O Arquitecto director da obra é o mesmo que o redactor do proxecto, D. Francisco Javier Amenedo Ansedo e o Arquitecto Técnico director das obras é D. José Miguel Romero Formoso. Prazo de inicio: 3 meses contados dende a data da concesión da presente licenza. *En caso contrario os proxectos deberán adaptarse ás novas esixencias do Código Técnico da Edificación, segundo a disposición transitoria cuarta do Real Decreto 314/2006, de 17 de marzo.*

Prazo de execución: 24 meses.

Rematada a obra o interesado deberá solicitar licenza de 1<sup>a</sup> ocupación.

O interesado, tras obter a pertinente licenza de obras, está obrigado a notificar oficialmente ó Concello, cun mínimo de 7 días de antelación, o inicio das obras correspondentes ó proxecto aprobado. No momento da notificación deberá ter efectuado os replanteos precisos. Prohíbese realizar: talas de árbores, demolicións, movementos de terra ou calquera traballo que

dificulte ou distorsione a apreciación municipal das circunstancias que afecten a ditas obras. A non observancia destes extremos considerárase falta grave.

*Previo ao inicio das obras deberase proceder á presentación e aprobación polo concello do preceptivo proxecto de execución visado polo correspondente colexio profesional, onde se especificará a adecuación á normativa de obrigado cumprimento, e do proxecto de instalacións comúns de telecomunicacións asinado por técnico competente e visado polo correspondente colexio profesional.*

**2) Visto o escrito presentado por Dna. Pilar Encarnación Branco Illodo en representación de MAHÍA INMOBILIARIA S.L. (N.R.E. 1.760/04.04.2007) no que pon de manifesto o erro material cometido na licenza concedida a MAHÍA INMOBILIARIA S.L. pola Xunta de Goberno Local mediante acordo de data 19.12.2006, (EXPTE. 136/2006), consistente en que na mesma se di:**

1º “...A finalidade da licenza é a construción de **14** vivendas unifamiliares...” cando debería dicir “...A finalidade da licenza é a construción de **10** vivendas unifamiliares...”.

2º “...As condición urbanísticas para A.R.U.-4B son:

	<i>Proxecto</i>	<i>Normativa (P.P.)</i>
c) Superficie construíble	631,60 m <sup>2</sup>	1.371,70 m <sup>2</sup>

cando debería dicir:

“...As condición urbanísticas para A.R.U.-4B son:

	<i>Proxecto</i>	<i>Normativa (P.P.)</i>
c) Superficie construíble	631,60 m <sup>2</sup>	875,00 m <sup>2</sup>

Atendido que tanto no proxecto básico que serviu de base para a concesión da licenza, como no informe da técnico municipal de data 20.09.2006, se establece que a finalidade da licenza é a construción de 10 vivendas unifamiliares illadas.

Tendo en conta o informe da arquitecta asesora municipal de data 16.04.2007, no que se pon de manifesto que, existe un erro no informe emitido pola técnica municipal de data 20.09.2006, e que se ve reflectido na licenza concedida xa que, “a superficie construíble da parcela A.R.U.-4B, segundo a normativa (P.P) é de 875 m<sup>2</sup> e non de 1.371,70 m<sup>2</sup>, segundo se indica na memoria xustificativa de proxecto e no cadro comparativo do plano A4.02.”

Visto todo o anterior a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda proceder á rectificación dos erros materiais sinalados, quedando en consecuencia, a licenza de obras redactada como segue:

**-D<sup>a</sup>. PILAR ENCARNACIÓN BRANCO ILLODO en representación de MAHÍA INMOBILIARIA (EXPTE. 136/2006) segundo solicitude de data 2 de agosto de 2006,** para construción de 10 vivendas unifamiliares illadas, diferenciándose dúas topoloxías: tipo A (4 vivendas) e tipo B (6 vivendas), en O Baño, segundo proxecto básico, visado polo C.O.A.G. con data 14.07.2006. De acordo coa autorización da Consellería de Cultura e Deporte, Sección de Patrimonio Histórico de data 30.11.2006, obrante no expediente.

O uso será, na planta baixa: garaxe e vivenda; na planta primeira: vivenda.

O solo onde está situado ten a denominación de A.R.U.-4a (4 vivendas tipo A e 2 vivendas tipo B) e A.R.U.-4B (4 vivendas tipo B); son 10 vivendas nas parcelas 16 a 25, regulamentados pola ORDENANZA A: ZONAS RESIDENCIAIS DE TIPOLOXÍA

UNIFAMILIAR do Plan Parcial “ O Baño” aprobado polo Pleno do Concello en sesión extraordinaria celebrada o día 20 de xullo de 2001. Para esa zona o Plan Parcial determina como tipoloxía a de unifamiliar illada.

A finalidade da licenza é a construción de 10 vivendas unifamiliares illadas compostas por planta baixa e planta primeira.

As condicións urbanísticas para A.R.U.-4A e A.R.U.-4B son:

	PROXECTO ARU-4A/ARU-4B	NORMATIVA ( P.P) ARU-4A/ARU-4B
a) Superficie edificable global	1.839,45 m <sup>2</sup> / 1.361,70 m <sup>2</sup>	1.839,45 m <sup>2</sup> / 1.361,70 m <sup>2</sup>
b) N° máximo de vivendas	6/4	9/5
c) Superficie construíble	870,20 m <sup>2</sup> / 631,60 m <sup>2</sup>	1.575,00 m <sup>2</sup> / 875,00 m <sup>2</sup>
d) Parcela mínima	283,40 m <sup>2</sup> / 300,75 m <sup>2</sup>	250,00 m <sup>2</sup>
e) Edificación máxima	157,90 m <sup>2</sup> / 157,90 m <sup>2</sup>	400,00 m <sup>2</sup>
f) Retranqueos	3,00 m	3,00 m.
g) Altura tipo “A”	5,75 m.	7,00 m.
h) Altura tipo “B”	5,65 m.	7,00 m.
i) Cuberta	CUMPRE	M.P. art. 84
l) Altura edif. Auxiliares “A”	2,37 m	3,00 m.
m) Altura edif. Auxiliares “B”	2,62 m	3,00 m
n) Altura cumbre edif aux “A”	3,16 m	3,50 m.
ñ) Altura cumbre edif aux “B”	3,34 m	3,50 m
o) Ocupación edif Auxil “A”	47 % edif ppal	50 % edif. Ppal
p) Ocupación edif Auxil “A”	43 % edif ppal	50 % edif. Ppal

Os peches con fronte a vía pública non serán opacos en máis de 1,00 m. de altura, sendo a súa altura máxima de 1,50 m. Non se permiten os peches con mallas tipo “ galiñeiro” ou de arames, nin as terminacións agudas. No caso de ser bloque será obrigatorio o revoque e pintado del en cores que entoen coa paisaxe.

Os peches entre propiedades terán unha altura máxima de 2 m. No caso de ser bloque será obrigatorio o revoque e pintado del en cores que entoen coa paisaxe.

A aliñación deberá solicitarse ao Concello, previa ao inicio das obras.

O Arquitecto director da obra é o mesmo que o redactor do proxecto, D. Francisco Javier Amenedo Ansedo e o Arquitecto Técnico director das obras é D. José Miguel Romero Formoso.

Prazo de inicio: 3 meses contados dende a data da concesión da presente licenza. *En caso contrario os proxectos deberán adaptarse ás novas esixencias do Código Técnico da Edificación, segundo a disposición transitoria cuarta do Real Decreto 314/2006, de 17 de marzo.*

Prazo de execución: 24 meses.

Rematada a obra o interesado deberá solicitar licenza de 1ª ocupación.

O interesado, tras obter a pertinente licenza de obras, está obrigado a notificar oficialmente ó Concello, cun mínimo de 7 días de antelación, o inicio das obras correspondentes ó proxecto aprobado. No momento da notificación deberá ter efectuado os replanteos precisos. Prohíbese realizar: talas de árbores, demolicións, movementos de terra ou calquera traballo que

dificulte ou distorsione a apreciación municipal das circunstancias que afecten a ditas obras. A non observancia destes extremos considerárase falta grave.

Previo ao inicio das obras deberá presentar o preceptivo proxecto de execución.

### **3.- RATIFICACIÓN DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA NÚM. 209/2007 E 217/2007.**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda ratificar as Resolucións da Alcaldía que deseguido se transcriben:

*a) “RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 209/2007, de 17 de abril de 2007.- Tendo en conta o informe emitido polo concelleiro de facenda, patrimonio, persoal e servizos, de data 12.04.07, acreditativo da necesidade de contratar a prestación de servizos para a realización dos traballos de prevención e defensa contra incendios forestais nas faixas de especial protección dos núcleos rurais do Concello de Mugar dos, e poder así dar cumprimento ao convenio asinado ao efecto coa Consellería do Medio Rural.*

*E tendo en conta os informes de secretaría e intervención municipais, obrantes no expediente, pola presente **RESOLVO:***

*1º.- Contratar pola modalidade de procedemento negociado sen publicidade, a prestación dos servizos para a realización dos traballos de prevención e defensa contra incendios forestais nas faixas de especial protección dos núcleos rurais do Concello de Mugar dos, co tipo de licitación de 775 €/hectárea, cun máximo de 30.000 euros, IVE incluído, substituíndo a solicitude de oferta a 3 empresas, como mínimo, capacitadas para a realización do obxecto do contrato pola inserción de anuncio de licitación nun xornal dos de maior difusión na Comunidade Autónoma de Galicia.*

*2º.- Prestar aprobación ao prego de condicións económico-administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexerán a devandita contratación, segundo texto obrante no expediente.*

*3º.- Aprobar o gasto con cargo á partida 2007.0.511.0.21000 do orzamento vixente, prorrogado do 2007.*

*4º.- Ratifíquese o presente acordo na vindeira sesión da Xunta de Goberno Local que se celebre.”*

*b) RESOLUCION DA ALCALDIA Nº 217/2007, de 17 de abril de 2007.- Visto o escrito remitido pola Dirección Xeral de Infraestruturas e Infraestruturas Agrarias- Consellaría do Medio Rural (R.E. 1.612/28.03.07) no que comunica a súa disposición para asumir integramente con cargo aos seus orzamentos, dentro do Programa Estratéxico de Infraestruturas no Medio Rural (PEIM Rural) no ano 2007, a actuación que deseguido se relaciona:*

<b>DENOMINACIÓN OBRA</b>	<b>ORZAMENTO IVE INCLUÍDO</b>
<b>PAVIMENTACIÓN DE VIAIS MUNICIPAIS NO SEIXO E NO GALIÑEIRO</b>	49.237,64 €

*Pola presente **RESOLVO:***

*1º.- O Concello de Mugar dos, ante a notificación efectuada pola Consellería do Medio Rural, de realizar con cargo aos seus orzamentos as obras de infraestrutura rural*

consistente en “Pavimentación de vías municipais no Seixo e no Galiñeiro”, manifesta a súa aceptación á execución da mesma en réxime de cooperación e comprométese a:

- Poñer a disposición da Consellaría do Medio Rural, libre de cargas e gravames todos os terreos necesarios para a normal execución das obras, así como os correspondentes permisos e autorizacións necesarias para levar adiante a mesma.

- Renunciar a calquera clase de tributo ou taxa por mor das obras.

- Continuar asumindo, despois da recepción das obras e previa comunicación do órgano da Comunidade Autónoma, a súa explotación, mantemento e conservación.

- Facultar ao sr. Alcalde- Presidente para a sinatura do correspondente Convenio de Cooperación.

2º.- Ratifíquese o presente acordo pola Xunta de Goberno Local na vindeira sesión que se celebre.”

#### **4.- DECLARACIÓN DE BENS NON UTILIZABLES: 24 MÁQUINAS DE COSER**

Visto o expediente tramitado para a cualificación como ben non utilizable de 24 máquinas de coser, marca Refrey, existentes no almacén municipal.

Tendo en conta os informes do secretario e a interventora, obrantes no expediente, así como a proposta de acordo formulada polo sr. Alcalde, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade acorda:

1.- Declarar efectos non utilizables a 24 máquinas de coser, marca Refrey, depositadas no almacén municipal.

2.- Dispoñer a súa enaxenación pola modalidade de contrato menor, mediante anuncio que se publicará no “Diario de Ferrol”.

A tal efecto, e dado que é previsible que as ofertas procedan de particulares, fíxase como prezo mínimo de venda o de CUARENTA E CINCO EUROS (45 €) por máquina.

#### **5.- APROBACIÓN DO GASTO.**

Tendo en conta a relación de gastos elevada á Xunta de Goberno Local pola Intervención Municipal, obrante no expediente, e en base á delegación prevista no punto 5 do apartado terceiro da Resolución da Alcaldía 308/2003, de 18 de xuño de 2003, modificada na Resolución da Alcaldía 665/2003, de 30 de decembro, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1º.- Prestar a súa aprobación á seguinte relación de gastos para a súa autorización, disposición e recoñecemento da obriga nun só acto en virtude do establecido no apartado 18º das Bases de Execución do Orzamento de 2006, prorrogado para o 2007, coa aplicación orzamentaria, natureza do gasto e importe que a continuación se detalla:

<b>Rex.</b>	<b>Fact</b>	<b>Partida</b>	<b>Provedor e Concepto</b>	<b>Importe</b>
355	V01/18	2007.0.451.0.22715	SIDECU, S.L. PRESTACION SERVIZO PERSOAL TECNICO, ESCOLAS CULTURAI, DECEMBRO 2006	4.548,88 €
357	V01/22	2007.0.451.0.22715	SIDECU, S.L. PRESTACION SERVIZO PERSOAL TECNICO, ESCOLAS CULTURAI, MES XANEIRO 2007	6.086,09 €

359	V01/24	2007.0.452.0.22715	SIDECU, S.L. PRESTACION SERVICIOS MUNICIPALES DE PERSOAL TECNICO ESCOLAS DEPORTIVAS, DECEMBRO 2006	2.050,24 €
360	V01/25	2007.0.452.0.22715	SIDECU, S.L. PRESTACION SERVICIOS PERSOAL TECNICO ESCOLAS MUNICIPALES DEPORTIVAS, XANEIRO 07	2.928,91 €
438	100112	2007.0.442.0.21400	VEICAR, S.L. ALUGUER VEHICULO RECOLLIDA LIXO, 1445-BTS, DENDE 15.12.06/28.02.07	8.700,00 €
	3207122425	2007.0.121.0.22400	AON GIL Y CARVAJAL, S.A. POLIZA 960180094543. RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL CONCELLO, 15.03.07/15.03.08	27.336,30 €
490	617	2007.0.442.0.22713	SOGAMA, S.A. TRATAMENTO RESIDUOS URBANOS PLANTA DE NARON, MES FEBREIRO	8.206,79 €
512	186/2007	2007.0.442.0.22711	L.SECOPE S.A. RECOLLIDA ENSERES PORTA A PORTA, E TRANSPORTE A SOGAMA, XANEIRO-FEBREIRO	3.875,02 €
523	28/02	2007.0.121.0.22100	UNION FENOSA ENERXIA ELECTRICA ALUMEADO PUBLICO 24.12.06/05.02.0	14.715,36 €
525	2802	2007.0.422.0.22100	UNION FENOSA ENERXIA ELECTRICA ESCOLAS, 11.12.06/05.02.07	3.564,91 €
563	142	2007.0.451.0.22715	SIDECU, S.L. PRESTACION SERVICIOS PERSOAL TECNICO, ESCOLAS CULTURALS, MES FEBREIRO 207	6.298,29 €
564	144	2007.0.452.0.22715	SIDECU, S.L. PRESTACION SERVICIOS PERSOAL TECNICO, ESCOLAS DEPORTIVAS, MES FEBREIRO	2.607,68 €
569	F07/89	2007.0.432.0.22706	PROES HONORARIOS POR TRABALLOS DE ASISTENCIA TECNICA AREA URBANISMO	3.480,00 €
570	752	2007.0.511.0.21001	BEGASUCEGSA EXPLANACION E RASANTEO CAMIÑO DO MONTE-MAREA (FRANZA)	2.469,67 €
571	753/07	2007.0.511.0.21001	BEGASUCEGSA REBACHEO CON AGLOMERADO EN FRIO, VIAIS CONCELLO, DIA 02.03.07	2.624,44 €
572	754/2007	2007.0.511.0.21001	BEGASUCEGSA REBACHEOI CON AGLOMERADOEN FRIO, VIAIS CONCELLO, DIA 05.03.07	2.415,29 €
573	751/07	2007.0.511.0.21001	BEGASUCEGSA EXPLANACION E RASANTEO CAMIÑO MEHA	2.303,74 €
574	755	2007.0.511.0.21001	BEGASUCEGSA REBACHEO VIAIS CON AGLOMERADO EN FRIO, EXTENDIDO E COMPACTADO, DIA 08.03.07	1.803,59 €
576	607	2007.0.432.0.22706	YOLANDA MAURIZ BASTIDA HONORARIOS POR ASISTENCIA TECNICA OFICINA REHABILITACION, MES MARZO	2.083,33 €
618	158	2007.0.432.0.22710	CALSOMATU, S.L. MANTEMENTO E CONSERVACION DO ALUMEADO PUBLICO, MES MARZO	3.060,29 €
623	8	2007.0.422.0.21200	INDUSTRIAS J. VILA SUBMINISTRO E COLOCACIONDE 10 FIESTRAS NA ESCOLA INFANTIL DE SAN XOAN DE PIÑEIRO	5.171,16 €

## **6.- EXENCIONES E BONIFICACIONES TAXAS MUNICIPALES.**

Vistas as solicitudes presentadas polos/as interesados/as e tendo en conta o ditame da comisión informativa de Asuntos Sociais, Muller e Sanidade, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1.- Conceder a exención nas taxas municipais de auga, lixo e sumidoiros ás solicitudes pendentes de documentación correspondentes a M<sup>a</sup> Eugenia Regueiro Cancela, e Dolores Romaus Caamaño.

2.- Denegar a exención nas taxas municipais de auga, lixo e sumidoiros ás solicitudes presentadas fóra de prazo correspondentes a Sara Iglesias Alonso e Dosinda Suárez Lameiro.

## **7.- DEVOLUCIÓN DE FIANZAS.**

Visto o escrito presentado pola empresa DIVICOTEL (R.E. 1.285/09.03.07), interesando a devolución do aval definitivo constituído no seu día para garanti-la execución das obras de “REFORMA DA CASA DO CONCELLO, II FASE”, e tendo en conta o informe técnico emitido pola técnica directora da obra no que se fai constar que, transcorrido o preceptivo prazo de garantía, as obras atópanse en perfectas condicións sen que se observe ningún defecto a remediar, a Xunta de Goberno Local por unanimidade acorda estimar a solicitude presentada pola empresa DIVICOTEL, e, en consecuencia, proceder á devolución da fianza definitiva constituída mediante aval de SOGARPO S.G.R.- núm. 02-10011217- por importe de 8.269,72 euros (OITO MIL DOUSCENTOS SESENTA E NOVE EUROS CON SETENTA E DOUS CÉNTIMOS).

## **8.- ADXUDICACIÓN DAS OBRAS DE “SEPARATA NÚM. 2 DO PROXECTO: ABASTECIMIENTO DE AUGA A FRANZA, SEIXO E SAN XOAN. Rede de distribución en ámbalas dúas marxes da AC-122 na parroquia de San Xoán”.**

Vista a proposta de adxudicación formulada pola Mesa de Contratación a favor de D. AQUAGEST S.A., e tendo en conta o informe da interventora municipal, obrante no expediente, a Xunta de Goberno Local por unanimidade acorda:

1º.- Declarar válida a licitación e adxudicar a obra “SEPARATA NÚM. 2 DO PROXECTO: ABASTECIMIENTO DE AUGA A FRANZA, SEIXO E SAN XOAN. Rede de distribución en ámbalas dúas marxes da AC-122 na parroquia de San Xoán” incluída no Plan de obras municipais 2006, a D. AQUAGEST S.A., no prezo de 167.677,85 euros, IVE incluído.

2º.- Aprobar o gasto con cargo á partida 2007.1.441.0.60110 do vixente presuposto.

3º.- Que se notifique ao adxudicatario o presente acordo dentro do prazo de dez días e se lle requira para que, dentro do prazo de quince días, contados a partir da notificación, proceda a constituír a garantía definitiva polo importe de 6.707,11 euros, así como á formalización do contrato administrativo dentro do prazo de trinta días, a contar do seguinte ao da notificación da presente adxudicación. Así mesmo, deberá notificarse ao resto dos licitadores.

4º.- Nomear Director Técnico da obra ao enxeñeiro autor do proxecto, D. Marcelino López Méndez.

## **9.- ADXUDICACIÓN DAS OBRAS DE “ELIMINACIÓN DE BARREIRAS ARQUITECTÓNICAS. PROXECTO 1 CENTRO CÍVICO”**

Vista a proposta de adxudicación formulada pola Mesa de Contratación a favor de D. TERRAUGA, PROYECTOS Y OBRAS S.L., e tendo en conta o informe da interventora municipal, obrante no expediente, a Xunta de Goberno Local por unanimidade acorda:

1º.- Declarar válida a licitación e adxudicar a obra “ELIMINACIÓN DE BARREIRAS ARQUITECTÓNICAS. PROXECTO 1 CENTRO CÍVICO” incluída no Plan Especial de Eliminación de Barreiras Arquitectónicas 2006, 2ª fase, da Excma. Deputación Provincial de A Coruña, a D.TERRAUGA, PROYECTOS Y OBRAS S.L., no prezo de 12.124,18 euros, IVE incluído.

2º.- Aprobar o gasto con cargo á partida 2007.1.313.0.62201 do vixente presuposto.

3º.- Que se notifique ao/á adxudicatario/a o presente acordo dentro do prazo de dez días e se lle requira para que, dentro do prazo de quince días, contados a partir da notificación, proceda a constituír a garantía definitiva polo importe de 484,97 euros, así como á formalización do contrato administrativo dentro do prazo de trinta días, a contar do seguinte ao da notificación da presente adxudicación.

4º.- Nomear Director Técnico da obra á arquitecta coautora do proxecto, Dna. Yolanda Mauriz Bastida.

#### **10.- ADXUDICACIÓN DAS OBRAS DE “ELIMINACIÓN DE BARREIRAS ARQUITECTÓNICAS. PROXECTO 2 CEIP UNIÓN MUGARDESA”**

Vista a proposta de adxudicación condicionada formulada pola Mesa de Contratación a favor de D. CONSTRUCCIONES SEIFRAN S.L.

Vista así mesmo a renuncia á adxudicación da obra formulada pola devandita empresa (R.E. 385/23.01.07), e tendo en conta o informe da interventora municipal, obrante no expediente, a Xunta de Goberno Local por unanimidade acorda:

1º.- Declarar válida a licitación e adxudicar a obra ELIMINACIÓN DE BARREIRAS ARQUITECTÓNICAS. PROXECTO 2 CEIP UNIÓN MUGARDESA” incluída no Plan Especial de Eliminación de Barreiras Arquitectónicas 2006, 2ª fase, da Excma. Deputación Provincial de A Coruña a D. CONSTRUCCIONES MANUEL VARELA COLLAZO S.L., no prezo de 82.241,93 euros, IVE incluído.

2º.- Aprobar o gasto con cargo á partida 2007.1.313.0.62201 do vixente presuposto.

3º.- Que se notifique ao/á adxudicatario/a o presente acordo dentro do prazo de dez días e se lle requira para que, dentro do prazo de quince días, contados a partir da notificación, proceda a constituír a garantía definitiva polo importe de 3.289,68 euros, así como á formalización do contrato administrativo dentro do prazo de trinta días, a contar do seguinte ao da notificación da presente adxudicación. Así mesmo, deberá notificarse ao resto dos/as licitadores/as.

4º.- Nomear Director Técnico da obra á arquitecta coautora do proxecto, Dna. Yolanda Mauriz Bastida.

#### **11.- ADXUDICACIÓN DAS OBRAS DE “ELIMINACIÓN DE BARREIRAS ARQUITECTÓNICAS. PROXECTO 3 CEIP SANTIAGO APÓSTOL”**

Vista a proposta de adxudicación formulada pola Mesa de Contratación a favor de D. TERRAUGA, PROYECTOS Y OBRAS S.L.,e tendo en conta o informe da interventora municipal, obrante no expediente, a Xunta de Goberno Local por unanimidade acorda:

1º.- Declarar válida a licitación e adjudicar a obra “ELIMINACIÓN DE BARREIRAS ARQUITECTÓNICAS. PROXECTO 3 CEIP SANTIAGO APÓSTOL” incluída no Plan Especial de Eliminación de Barreiras Arquitectónicas 2006, 2ª fase, da Excma. Deputación Provincial de A Coruña a D. TERRAUGA, PROYECTOS Y OBRAS S.L., no prezo de 72.055,83 euros, IVE incluído.

2º.- Aprobar o gasto con cargo á partida 2007.1.313.0.62201 do vixente presuposto.

3º.- Que se notifique ao/á adxudicatario/a o presente acordo dentro do prazo de dez días e se lle requira para que, dentro do prazo de quince días, contados a partir da notificación, proceda a constituír a garantía definitiva polo importe de 2.882,23 euros, así como á formalización do contrato administrativo dentro do prazo de trinta días, a contar do seguinte ao da notificación da presente adjudicación. Así mesmo, deberá notificarse ao resto dos/as licitadores/as.

4º.- Nomear Director Técnico da obra á arquitecta coautora do proxecto, Dna. Yolanda Mauriz Bastida.

## **12.- RESOLUCIÓN DO CONCURSO DE “ADQUISICIÓN DE TERREOS SITOS NO ENTORNO DE O BAÑO, DENDE A REDONDA ATA ROIBEIRAS”**

A Xunta de Goberno Local, tendo en conta a proposta de adjudicación efectuada pola Mesa de Contratación, así como o informe da interventora municipal, obrante no expediente por unanimidade, acorda:

1º.- Declarar válida a licitación e, en consecuencia, resolve-lo concurso de adquisición de terreos sitos no entorno de O Baño, dende a Redonda ata Roibeiras tal e como segue:

- Adquirir aos/ás propietarios/as que deseguido se relacionan as seguintes fincas:

PROPIETARIOS/AS	REF. CATASTRAL	SUPERFICIE	PREZO
1.- MODESTO TOIMIL SANCHEZ (DNI.32.549.060N) E MARIA CELIA BECERRA IGLESIAS (DNI. 32.597.805C)	Parc. 135 Pol. 24	2.416 m.	24.040 €
<i>DESCRIPCIÓN FINCA:</i> Municipio e parroquia de Mugar dos, ao sitio de “RIO SECO”, cunha cabida de dezanove áreas e setenta centiáreas, hoxe e segundo nova medición vinte e catro áreas dezaseis centiáreas. Linda: Norte, Constantina Prados e Nicolasa Pichona, hoxe María Brage González, Andrés Prados Anido e Josefina Cartelle Fernández; Sur, camiño de carro, hoxe estrada; Este, Rafaela Rey, hoxe José Rey Varela; e Oeste, camiño serventío e ribazo de herdeiros de Antonio Mesías, hoxe camiño serventío e ribazo de María Mesías Pérez e José Rey Varela. Inscripción: Non está inscrita.			
2.- JOSE REY VARELA (DNI.32.523.036R) E ELENA GARCIA SEOANE (DNI.32.553.898C)	Parc. 134 Pol. 24	3.240 m.	36.060 €
<i>DESCRIPCIÓN FINCA:</i> -Terreo a labradío no lugar de Roibeiras, ao sitio de “RIO SECO”, cunha cabida de catro ferrados e medio, igual a vinte e catro áreas e sesenta e seis centiáreas. Linda: Norte, río e Rafael Rey Montero; Sur, camiño veciñal; Este, herdeiros de José Saavedra López e os de José Sánchez; e Oeste, Manuel Brage Pérez. - Labradío ao sitio de “RIO SECO”, no lugar de Roibeiras, de sete áreas setenta e catro centiáreas. Linda: norte, sur e este, máis de D. José Rey Varela e dona e Oeste; Manuel Brage. Inscripción: Non figura.			
3.- GLORIA MARIA SALGADO MACEIRAS (DNI. 76.410.934N)	Parc. 173 Pol. 24	1.263 m.	12.124,80 €
<i>DESCRIPCIÓN FINCA:</i> Labradío ao sitio de “Brava” cunha superficie de doce áreas sesenta e tres centiáreas. Linda: Norte, Modesto Toimil Sánchez; Sur, Juan Manuel Otto Pardo; Este, estrada; e Oeste, Teresa Cartelle Feal e José Rey Varela. Inscripción: Non figura.			
4.- CELSO FEAL SÁNCHEZ (DNI.32.514.870T), JOSEFINA	Parc. 128, Pol. 24	245 m.	9.000 €

LÓPEZ NAVEIRA (DNI. 32.583.189D)	Parc 129, Pol. 24	354 m.	
<b>DESCRIPCIÓN FINCAS:</b>			
-Terreo a prado, ao sitio denominado "RIO SECO", de catro áreas, once centiáreas, hoxe e segundo nova medición dúas áreas corenta e cinco centiáreas. Linda: Norte, Juan López, hoxe Carmen Pena Martínez, río en medio; Sur, Francisca López, hoxe José Feal Sánchez e María Perfecta Vila Vázquez; Este, herdeiros de José Sánchez, hoxe Carmen Pena Martínez; e Oeste, Francisca López, hoxe Celso Feal Sánchez.			
- Prado ao sitio de "RIO SECO" de catro áreas once centiáreas, hoxe e segundo recente medición tres áreas cincuenta e catro centiáreas. Linda: Norte, Juan López, hoxe Carmen Pena Martínez, río en medio; Sur, Antonio López, hoxe María Perfecta Vila Vázquez; Este, herdeiros de José Sánchez, hoxe Celso Feal Sánchez, e Oeste, hoxe José Feal Sánchez.			
Inscripción: Non están inscritas.			
5.- JOSE FEAL SÁNCHEZ (DNI. 32.536.260T) e DORA MUIÑOS CABALEIRO (36.590.014A)	Parc. 130, Pol. 24 Parc. 132 Pol. 24	488 m. 889 m.	12.000 €
<b>DESCRIPCIÓN FINCAS:</b>			
- Terreo a prado, ao sitio denominado "RIO SECO", cunha superficie de catro áreas, oitenta e oito centiáreas. Linda: Norte, Carmen Pena Martínez, río en medio; Sur, María Perfecta Vila Vázquez; Este, Celso Feal Sánchez; e Oeste, Juan José López.			
- Terreo a matorral, ao sitio denominado "RIO SECO", cunha superficie de oito áreas, oitenta e nove centiáreas. Linda: Norte, Celso Feal Sánchez e Carmen Pena Martínez; Sur, José Rey Varela; Este, estrada; e Oeste, María Perfecta Vila Vázquez.			
Inscripción: non están inscritas.			

2.- Autorizar e aproba-lo gasto pola contía total de 93.224,80 euros, con cargo á partida 2007.1.432.0.60000 do orzamento vixente, prorrogado do 2006.

3.- Que se notifique ós/ás adxudicatarios/as o presente acordo dentro do prazo de dez días e se lles requira para que procedan á formalización e elevación a escritura pública do mesmo, dentro do prazo de trinta días, a contar do seguinte ó da notificación da presente adxudicación.

4.- Facultar ó sr. Alcalde, D. Xosé Fernández Barcia para que, en representación do Concello, proceda á formalización das correspondentes escrituras públicas de compravenda e para a sinatura de cantos documentos sexan necesarios para a execución deste acordo.

### **13.- BASES PARA A CONTRATACIÓN LABORAL INTERINA, MEDIANTE OPOSICIÓN LIBRE, DE UN/UNHA ARQUITECTO/A TÉCNICO/A**

Tendo en conta que durante o prazo de presentación de instancias para a contratación laboral interina, mediante oposición libre, de un/unha arquitecto/a técnico/a, transcorrido do 3 ao 12 de abril de 2007, ao abeiro da convocatoria publicada no Boletín Oficial da Provincia núm.76, de 2 de abril, non se ten presentado instancia algunha, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1º.- Modificar as bases que regulan a devandita convocatoria, suprimindo do anexo "PROGRAMA PARA ARQUITECTO/A TÉCNICO DA ÁREA MUNICIPAL DE URBANISMO" as materias comúns, quedando recollidas unicamente as materias específicas, e suprimindo así mesmo da base 6ª.- Desenvolvemento do proceso selectivo, o primeiro exercicio, quedando recollidos unicamente o segundo, terceiro e cuarto exercicio dos reflectidos na citada publicación oficial.

2º.- Publicar a nova convocatoria no xornal "La Voz de Galicia" facendo mención expresa ás modificacións antes relacionadas.

Sen máis asuntos para tratar, ás nove horas e vinte e tres minutos do día ao comezo sinalado, o sr. Alcalde levanta a sesión, de todo o cal eu, como secretario da corporación, dou fe.

Vº. e praxe  
O ALCALDE